



DATOS IDENTIFICATIVOS

Desenvolvemento Psicológico da Aprendizaxe no Ensino Secundario

Materia	Desenvolvemento Psicológico da Aprendizaxe no Ensino Secundario			
Código	V02M066V09102			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Linguas e Literaturas. Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4.5	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Psicoloxía evolutiva e comunicación			
Coordinador/a	Alfonso Gil, Sonia			
Profesorado	Alfonso Gil, Sonia			
Correo-e	soalgi@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A presente materia ten un carácter básico e común para tódalas especialidades do posgraao de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Sitúase no primeiro cuadrimestre do primeiro curso e facilita a comprensión das claves do desenvolvemento humano e os cambios que teñen lugar nos procesos físicos e psicológicos (cognición, linguaxe, personalidade, etc.) ó longo do período da adolescencia. Estes coñecementos son fundamentais na formación de mestres da etapa secundaria xa que representan unha ferramenta indispensable para poder contribuír ó desenvolvemento dos adolescentes a través dunha axeitada planificación dos seus procesos de aprendizaxe.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B9	Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e dominar destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar a aprendizaxe e a convivencia na aula e abordar problemas de disciplina e resolución de conflitos
B16	Traballar en equipo con outros profesionais da educación, enriquecendo a súa formación.
B18	Aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas a contornas educativas novas ou pouco coñecidos.
C1	Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións.
C2	Comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e as posibles disfuncións que afectan a aprendizaxe.
C3	Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.
C4	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.
C21	Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas dos estudantes.
C26	Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.

Resultados previstos na materia	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas dos estudantes, á igualdade de xénero, á equidade, e respecto diso aos dereitos humanos.	B9 B18 C1 C2 C3 C4 C21 D3
Promover o traballo cooperativo e o traballo e esforzo individuais	B16 B18 C21 C26 D3

Contidos	
Tema	
1. FUNDAMENTOS DO COMPORTAMENTO HUMANO, DESENVOLVEMENTO E EDUCACIÓN	Psicoloxía Psicoloxía do desenvolvemento Psicoloxía da Educación Comportamento humano
2. PSICOLOXÍA DO DESENVOLVEMENTO	Cambios corporais e desenvolvemento na adolescencia. Desenvolvemento cognitivo na adolescencia. Desenvolvemento afectivo-social na adolescencia
3. PSICOLOXÍA DA EDUCACIÓN	Enfoques conductuais da aprendizaxe na Educación Secundaria. Enfoques cognitivos e socio-culturais da aprendizaxe na Educación Secundaria. Factores Intrapersoais da Aprendizaxe: procesos e estratexias de aprendizaxe, motivación educativa, autoconcepto e procesos metacognitivos. Factores Interpersoais da Aprendizaxe: a interacción alumno-alumno e a interactividade profesor-alumnos.
4. DIFICULTADES DE APRENDIZAXE E INTERVENCIÓN PSICOEDUCATIVA	Necesidades Específicas de Apoio Educativo Dificultades específicas de Aprendizaxe en Lectura, escritura e cálculo Necesidades Educativas Especiais TDAH

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	8	12	20
Resolución de problemas de forma autónoma	2	37.5	39.5
Traballo tutelado	12	10	22
Exame de preguntas obxectivas	1	30	31

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	A profesora explica e resolve dúbidas relacionadas con cada un dos bloques temáticos da materia
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividades relacionadas coa materia nas que se plantean problemas ou exercicios para resolver de forma autónoma.
Traballo tutelado	Actividades e prácticas para resolver de forma individual ou en grupo sobre contidos da materia

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	A profesora atende e resolve dúbidas relacionadas cos bloques temáticos de forma presencial ou a través de titorías e correo electrónico.

Resolución de problemas de forma autónoma	A profesora atende e resolve dúbidas sobre os problemas planteados de forma presencial ou a través de titorías e correo electrónico.
Traballo tutelado	A profesora atende e resolve dúbidas sobre a realización dos traballos de forma presencial ou a través de titorías.
Probas	Descrición
Exame de preguntas obxectivas	A profesora resolve dúbidas durante a realización da proba e tamén nas sesións previas á realización da mesma de forma presencial.

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividades relacionadas coa materia nas que se plantean problemas ou exercicios para resolver de forma autónoma	40	B9 B16 B18	C1 C2 C3 C4 C21 C26	D3
Traballo tutelado	Actividades e prácticas para resolver de forma individual ou en grupo sobre contidos da materia	30	B9 B16 B18	C1 C2 C3 C4 C21 C26	D3
Exame de preguntas obxectivas	Entre 20 a 40 preguntas tipo test con tres opcións de resposta.	30	B9 B16 B18	C1 C2 C3 C4 C21 C26	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Este mestrado ten a modalidade de ensino presencial, polo tanto a asistencia a clase e a realización do traballo para a avaliación continua é obrigatoria. Esta asistencia debe ser, a lo menos do 80% estando admitido faltar ó 20 % da presencialidade.

Os prazos das entregas das actividades, traballos, etc. serán comunicados polo profesorado na clase e/ou en moovi, e tamén é necesario cumprilos para ser cualificados na avaliación continua. Para aprobar a modalidade de [avaliación continua], os/as estudantes deberán ter aprobada cada metodoloxía e proba de avaliación.

O alumnado que non supere a materia por avaliación continua terá unha proba de avaliación global, ao redor dos contidos nucleares da materia, na data marcada no calendario do mestrado para os exames oficiais. Esta proba de avaliación global suporá o 100% da puntuación e os seus pormenores e características serán concretadas polo profesorado ao alumnado o día da presentación da materia e cando se faga a consulta persoalmente.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Berger, S.K., **Psicología del desarrollo. Infancia y adolescencia**, Panamericana, 2016

Caballero, M., **Neuroeducación en el currículo**, Pirámide, 2019

Coll, C., **Desarrollo, aprendizaje y enseñanza en la Educación Secundaria**, Graó, 2010

Lou, M.A., **Atención a las necesidades educativas específicas. Educación Secundaria**, Pirámide, 2011

Santrock, J.W., **Psicología de la educación**, McGraw-Hill, 2011

Martín, C. y Navarro, J.I., **Psicología para el profesorado de Educación Secundaria y Bachillerato**, Pirámide, 2011

López-Escribano, C., Aguado-Orea, J. y Solbes-Canales, I., **Psicología de la Educación**, Síntesis, 2020

Bibliografía Complementaria

La Prova, A., **La práctica del aprendizaje cooperativo**, Narcea, 2017

Martín, C. y Navarro, J.I., **Psicología del desarrollo para docentes**, Pirámide, 2009

Masats, D. y Nussbaum, L., **Enseñanza y aprendizaje de lenguas extranjeras en Educación Secundaria Obligatoria**, Síntesis, 2016

Woolfolk, A.E., **Psicología Educativa**, Prentice Hall Hispanoamericana, 2006

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Prácticas Externas/V02M066V09301

Traballo Fin de Máster/V02M066V09401
